



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Concellaría de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego. Área de Benestar Social

Aprobación das bases e convocatoria para a concesión de bolsas de comedor escolar para o curso 2012/2013

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 7 de xuño de 2012, adoptou o seguinte acordo:

“Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de bolsas de comedor para o alumnado dos centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela para o curso 2012/2013”.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS DE COMEDOR PARA O ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (SEGUNDO CICLO) E DE EDUCACIÓN PRIMARIA OBRIGATORIA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA O CURSO 2012/2013

De conformidade coas competencias atribuídas ao municipio pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración local de Galicia, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e demais lexislación vixente.

E consonte o marco xurídico definido polo RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, convócase a concesión de bolsas para comedor para o alumnado dos centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, por un importe de 70.000,00 €, dos cales 28.000,00 euros irán con cargo á partida orzamentaria 140 23203 48001/12 e os 42.000,00 euros restantes á partida orzamentaria correspondente do orzamento xeral do 2013.

Non obstante, ditos importes poderán ser incrementados como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito que non requirirá dunha nova convocatoria, de conformidade co previsto no artigo 58 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

A concesión de bolsas de comedor escolar farase consonte as seguintes bases:

1. OBXECTO E FINALIDADE.

O obxecto da presente convocatoria é regular o procedemento para a concesión de bolsas de comedor ás familias do alumnado dos centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago, para o curso 2012/2013, de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

A súa finalidade é favorecer a integración socio-laboral dos pais, nais, titores ou persoas acolledoras e a inclusión social dos/as menores, apoiando á unidade familiar que, por escasez de recursos económicos, non poden facer fronte ao custo do servizo de comedor, así como facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das familias.

2. MODALIDADES DE BOLSAS.

Establécense dúas modalidades de bolsas de comedor escolar: bolsas de comedor de carácter asistencial e bolsas de comedor para a conciliación de vida persoal, familiar e laboral.

3. PERÍODO SUBVENCIONABLE.

As bolsas cubrirán o período comprendido entre setembro de 2012 e xuño de 2013 (ambos os dous incluídos).

4. BENEFICIARIAS.

Terán a condición de beneficiarias as unidades familiares empadroadas no Concello de Santiago, con menores a cargo escolarizados nos centros públicos ou concertados do municipio, que cursen Educación Infantil (segundo ciclo) ou a Educación Primaria Obrigatoria.

Para os efectos desta convocatoria considérase unidade familiar:

- a) A formada polos cónxuxes e os seus descendentes que convivan no mesmo domicilio.
- b) A formada polos respectivos titulares e os seus descendentes que convivan no mesmo domicilio, no caso de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial.
- c) A formada polo posible alumnado beneficiario e os seus acoledores, que convivan no mesmo domicilio.

A separación transitoria motivada por razóns de estudos, traballo, tratamentos médicos ou outras causas similares, non rompen a convivencia para estes efectos.

No caso de separación ou divorcio terase en conta o pai ou a nai que teña a custodia dos menores por sentenza xudicial.

Presumirase que existe unión de feito, salvo proba en contrario, cando ambos integrantes da parella figuren inscritos no Padrón municipal co mesmo enderezo. Dito extremo comprobarase de oficio polo Concello.

5. REQUISITOS DAS FAMILIAS BENEFICIARIAS.

As familias beneficiarias deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar empradoadas e residir no Concello de Santiago de Compostela. Dito requisito comprobarase de oficio polo Departamento de Benestar Social
- Convivir co/a menor ou menores para os que se solicita a bolsa.
- Estar matriculado/a ou ter reserva de matrícula para o curso 2012/2013.
- Contar con praza de comedor o/a menor ou menores, para os que se solicita a bolsa, de non ser así aínda que sexa concedida a axuda non se fará efectiva.
- Non superar as rendas per cápita máximas establecidas nesta convocatoria.
- Autorizar ao Concello de Santiago para ingresar o importe das bolsas que, no seu caso, sexan concedidas na conta bancaria da entidade colaboradora correspondente.
- Presentar a solicitude e documentación no prazo establecido nestas bases.
- Acadar a puntuación mínima establecida no baremo para o acceso ao servizo de comedor escolar.
- No caso de ter sido beneficiaria de bolsa de comedor escolar durante o curso pasado, ter satisfeito mensualmente a achega económica que correspondía abonar.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e sociais.
- Non estar incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Os anteriores requisitos deberán reunirse ao término do prazo de presentación de solicitudes e manterse ao longo do curso escolar.

6. OBRIGAS DAS FAMILIAS BENEFICIARIAS.

Son obrigas das familias beneficiarias das bolsas de comedor as seguintes:

- Utilizar o servizo de comedor, salvo causa xustificada.
- Comunicar coa debida antelación ao servizo de comedor xestionado polo centro escolar, a ANPA ou empresa adxudicataria deste servizo, a/as ausencia/as dos/as menores que, por calquera causa xustificada se vaia producir, con indicación do/s día/s nos que terá lugar, no caso de non facelo, a familia beneficiaria deberá aboar o custo do servizo que corresponda aos días no que se produciron as ausencias e o Concello poderá revogar a bolsa de comedor.
- Comunicar ao Departamento de Benestar Social calquera alteración das condicións que motivaron o outorgamento da bolsa.
- Comunicar ao Departamento de Benestar Social, a través do Rexistro Xeral do Concello, as baixas que soliciten no servizo de comedor.
- Cumprir as normas establecidas no Regulamento interno para o servizo de comedor.

- Aboar os pais, nais, titores ou persoas acolledoras a diferenza, de existir, entre o custo mensual do comedor e a bolsa concedida.

- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e sociais.

7. ENTIDADES COLABORADORAS.

Serán entidades colaboradoras os centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria, que xestionen directamente o servizo de comedor, as Asociacións de Nais e Pais (ANPAS) dos centros educativos que xestionen dito servizo ou, no seu caso, a empresa adxudicataria para a prestación deste servizo, nos termos previstos na Lei 38/2003, xeral de subvencións e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Ditos centros e Anpas asumen o compromiso de xestionar a aplicación dos fondos, consonte a súa finalidade, responsabilizándose de comunicar as incidencias que se produzan do alumnado beneficiario ao Departamento de Benestar Social.

8. OBRIGAS DAS ENTIDADES COLABORADORAS.

Son obrigas das entidades colaboradoras as seguintes:

- Garantir o servizo de comedor durante o curso escolar.
- Destinar os fondos percibidos do Concello para sufragar os gastos do servizo de comedor.
- Xustificar a entrega dos fondos percibidos ante o órgano concedente da subvención, unha vez rematado o curso escolar, cumprimentando a certificación, á que fai referencia a base 17 desta convocatoria.
- Encontrarse ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e sociais.
- Someterse ás actuacións de comprobacións que respecto da xestión dos devanditos fondos poida efectuar o órgano concedente, así como calquera outra de comprobación ou control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais coma comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

9. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes, que estarán a disposición das persoas interesadas na Concellaría de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego, na Oficina de Atención ao Cidadán e na páxina web www.santiagodecompostela.org, formalizaranse segundo o modelo normalizado que se inclúe neste documento (anexo I), e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, rúa Presidente Salvador Allende, 2-4 ou nos seguintes rexistros auxiliares: Centro Sociocultural do Ensanche, rúa Frei Rosendo Salvado 14-16, baixo e Cersia Empresa, avenida do Alcalde Raimundo López Pol, s/n, así como nos órganos sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Á solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI/NIE, pasaporte, tarxeta ou permiso de residencia da persoa solicitante.
- Fotocopia compulsada do DNI/NIE/PASAPORTE de todas as persoas maiores de 16 anos que formen parte da unidade familiar e, no caso de persoas estranxeiras, a tarxeta ou permiso de residencia.
- Fotocopia completa e compulsada do libro de familia ou, no seu defecto, a documentación oficial que o substitúa.
- Fotocopia do libro de familia numerosa, se é o caso.
- Certificado/informe de empadronamento/convivencia. A acreditación deste requisito recabarase de oficio polo Departamento de Benestar Social.
- Fotocopia da certificación do grao de discapacidade ou, no seu caso, de ser pensionista de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de jubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
- Certificación médica que acredite o embarazo, para os supostos de fillos e fillas nasciturus (que han de nacer).
- No caso de familias monoparentais: convenio regulador e sentenza xudicial ou certificación acreditativa de ter a patria potestade en exclusividade.
- Xustificante do centro escolar no que conste que o alumnado para o que se solicita a bolsa está matriculado ou ten reserva de praza no centro.
- Xustificante do centro escolar ou da Anpa no que conste ter praza ou reserva de praza no comedor escolar, con indicación do prezo estimado para o curso 2012/2013.
- Certificación ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e sociais.

- Informe da vida laboral completo e actualizado (posterior á data da convocatoria) da Tesourería Xeral da Seguridade Social de cada un dos membros computables da unidade familiar.

- No caso de que os maiores de 16 anos estean cursando estudos regrados presentarán certificado do centro de estudos no que se faga constar dita situación.

- No caso de incompatibilidade por cuestións laborais ou formativas cos tempos de comedor (das 14.00 ás 16.00 horas), certificado da empresa ou persoa empregadora ou da entidade formativa, que así o acredite.

- No supostos de solicitude de bolsa/s para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, certificado de empresa ou da persoa empregadora, no que se faga constar a xornada laboral semanal e o seu horario, de cada un dos membros computables (pai, nai ou persoas que exerzan a tutela). Neste suposto, non será necesaria a presentación do certificado sinalado no parágrafo anterior.

- Última declaración da renda anual (2010) de todos os membros computables da unidade familiar. A acreditación dos datos económicos dos membros computables da unidade familiar, recabarase polo Concello de Santiago á Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) de forma telemática, e acollerse a persoa interesada a esta convocatoria conleva á súa autorización expresa ao Concello para solicitar eses datos á AEAT.

Non obstante, naqueles supostos en que a situación económica actual da unidade familiar teña empeorado con respecto á reflexada na declaración da renda das persoas físicas correspondente ao exercicio de 2010, poderase ter en conta a nova situación, sempre que esta se poida acreditar documentalmente mediante a presentación da documentación que detalle os ingresos económicos da unidade familiar e dos seus membros computables, a través dos documentos que de seguido se detallan para as distintas situacións que poidan acontecer.

Os seguintes documentos xustificativos presentaranse, asimesmo, por aquelas persoas que non estean obrigadas a presentar a declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, segundo a lexislación vixente.

- **Xustificantes de ingresos de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos.**

- ✓ **Traballadores por conta allea.**

- Fotocopia das tres últimas nóminas.

- Fotocopia do contrato laboral.

- ✓ **Traballadores autónomos.**

- Declaración da renda anual (2010).

- No suposto de que teña iniciado a actividade en 2011 ao 2012, presentarán ademais, certificación da administración competente que acredite o inicio da actividade e última declaración trimestral.

- ✓ **Pensionistas (xubilación, viudedade, orfandade, non contributiva...)**

Certificación expedida polo órgano competente da cantidade anual percibida ou, no seu caso, certificado negativo correspondente ao ano 2011.

- ✓ **Demandantes de emprego con prestación.**

Certificación do INEM na que se faga constar o período de concesión da prestación e a contía mensual da prestación concedida.

- ✓ **Demandantes de emprego sen prestación.**

Certificación do INEM na que se faga constar a súa inscrición como demandante de emprego e que non percibe prestación ningunha.

- ✓ **Perceptores de axudas públicas (Risga, axuda de integración do menor, prestación por fillo a cargo...).**

Certificación de concesión expedida polo órgano competente, na que se faga constar o período concedido e a contía mensual que se percibe.

- ✓ **Casos de separación ou divorcio.**

- Copia da sentenza e convenio regulador.

- Xustificantes das achegas económicas establecidas en dita sentenza ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento da sentenza.

- ✓ **Casos de unión de feito con fillos recoñecidos.**

- Copia da sentenza de garda, custodia e alimentos.

– Xustificantes das achegas económicas establecidas en dita sentenza ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento da sentenza.

✓ **Casos de acollemento de menores por resolución administrativa ou auto xudicial.**

– Fotocopia da resolución administrativa, pola que se formaliza o acollemento ou sentenza xudicial.

– Certificado do organismo competente, no caso de recibir remuneración por dita situación, indicando a súa contía.

No caso, de que algúns dos documentos requiridos non poidan presentarse por impedimentos legais ou administrativos, alleos ao solicitante, poderán substituírse, para a súa acreditación, por unha declaración de compromiso/xurada.

Cando coas solicitudes se presenten resgardos de ter solicitado algunha documentación necesaria para a tramitación do expediente, os documentos pendentes achegaranse en canto sexan recibidos

10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse, no prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

11. SUBSANACIÓN E MELLORA DAS SOLICITUDES.

No suposto de que as solicitudes de iniciación non cumpran os requisitos establecidos nestas bases ou a documentación presentada fose incompleta, o Departamento de Benestar Social publicará no taboleiro de anuncios da Concellaría de Benestar Social e na páxina web do Concello www.santiagodecompostela.org a relación de interesados que deberán emendar a súa solicitude, para que no prazo de 10 días corrixan a falta ou acheguen os documentos preceptivos, indicándose que, se non o fixeran, se considerará que desistiron das súas peticións, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

12. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

As solicitudes valoraranse tendo en conta os aspectos sociais, laborais e económicos dos compoñentes da unidade familiar, que sumadas conformarán a puntuación final.

A) Situación social e laboral da unidade familiar (máximo 9 puntos).

1	Familia monoparental.	2 puntos
2	Familias numerosas.	2 puntos
3	Situación de violencia de xénero no entorno familiar das e dos menores (Artigo 42 Lei 11/2007, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero)	2 puntos
4	Situación de desemprego de ambos cónxuxes, títos ou acolledores (no suposto de puntuar esta situación non será aplicable a puntuación do seguinte apartado)	2 puntos
5	Situación de desemprego dun cónxuxe, titor ou acolledor.	1 punto
6	Incompatibilidade por cuestións laborais ou formativas cos tempos de comedor (das 14:00 ás 16:00 h). (Esta puntuación non será aplicable para os casos de solicitar bolsas de comedor para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral previstas na base 2)	1 punto

B) Situación social do menor (máximo 5 puntos).

A situación social do menor será acreditada, de ser o caso, mediante informe técnico emitido pola Unidade de Atención á Familia (UAF), e solicitado de oficio, cando se aprecien motivos de risco social, desamparo ou circunstancias que se consideren que poidan incidir na adecuada atención dos/as menores.

A situación social do menor valorarase, no seu caso, entre 0 y 5 puntos.

C) Situación económica da unidade familiar: renda per cápita anual (máximo 12 puntos).

Enténdese por renda per cápita anual da unidade familiar, os ingresos netos anuais divididos polo número de membros da dita unidade.

A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza. Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda do 2010, para os efectos do cálculo da renda familiar sumarán os recadros 455 (base imponible xeral) e a 465 (base imponible de aforro) da declaración.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar que figurando na solicitude teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Así mesmo, asimilárase a descendente o fillo ou a filla concebido ou concebida e computará, xa que logo, como membro da unidade familiar. Para a xustificación deste extremo deberase achegar certificación médica que acredite o embarazo no momento da presentación da solicitude.

Segundo o establecido nos artigos 38 e 42 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no contorno familiar, quedarán excluídos del cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental.

As familias monoparentais nas que conviva un só proxenitor ou titor cos menores, deberán acreditar documentalmente esta circunstancia. No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable a aquel que non conviva coa unidade familiar. Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as súas rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

1	< 0,50 veces o IPREM *	12 puntos
2	Entre 0,50 e 0,55 veces o IPREM (3.195,07 e 3.514,57 €)	9 puntos
3	Entre 0,55 e 0,60 veces o IPREM (3.514,58 e 3.834,07 €)	6 puntos
4	Entre 0,60 e 0,65 veces o IPREM (3.834,08 e 4.153,58 €)	3 puntos
5	> 0,65 veces o IPREM (igual o maior a 4.153,59 €)	0 puntos

IPREM (indicador público de renda de efectos múltiples) anual para 2012:

– 12 pagas: 6.390,13 €.

– 14 pagas: 7.455,14 €

13. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

13.1. Concesión de bolsas asistenciais.

Adxudícaranse bolsas de 80,00 euros, agás naqueles supostos que o prezo de comedor escolar sexa inferior a dita cantidade, nos que se aboará o 80% do prezo do mesmo, ás familias que obteñan maior puntuación, ata un máximo de 26 puntos, como resultado da suma dos baremos A), B) e C) do apartado anterior. As familias que obteñan unha puntuación inferior a 13 puntos, non terán dereito á bolsa. En todo caso, a concesión das bolsas estará suxeita á existencia do crédito orzamentario correspondente.

En caso de empate no número de puntos obtidos e para adxudicar a bolsa terase en conta a puntuación acadada nos seguintes criterios:

1. Maior puntuación na situación social del menor
2. Maior puntuación na situación familiar y laboral.
3. Maior puntuación na situación económica.

De persistir o empate, a orde de prioridade asignarase atendendo á renda per cápita da familia, adxudicándose as bolsas por orde inverso á magnitude de dita renda, xa que logo terase en conta a renda máis baixa.

Aquelas familias que obteñan unha puntuación de 13 o más puntos e que non resulten beneficiarias de bolsa de comedor ningunha, dado que a totalidade de bolsas concedidas ás familias con maior puntuación supere o crédito orzamentario asignado a esta convocatoria, quedarán en lista de agarda, que irá de maior a menor puntuación. Unha vez que se produza unha baixa, renuncia ou desistimento dunha bolsa concedida, esta será outorgada á familia en lista de agarda que teña maior puntuación, sempre que exista crédito orzamentario suficiente.

13.2. Concesión de bolsas para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Non obstante o anterior, concederanse ata 30 bolsas, por importe de 40,00 euros/mes, a aquelas unidades familiares que superando as cantidades indicadas na táboa da base anterior, non superen o triple da contía anual do IPREM para o ano 2012, destinadas á conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Dita circunstancia deberá acreditarse documentalmente. Para a concesión destas bolsas terase en conta, ademais da renda sinalada e os demais requisitos establecidos nesta convocatoria, o maior e menor número de horas da xornada laboral semanal, consonte os seguintes criterios:

a) Actividade laboral cunha xornada semanal igual ou superior a 35 horas: 2 puntos por cada membro que cumpra a condición (pai, nai ou persoas que exerzan a tutela), no caso de familia monoparental a puntuación será de 4.

b) Actividade laboral dunha xornada semanal de menos de 35 horas: 1 punto por cada membro que cumpra a condición (pai, nai ou persoas que exerzan a tutela) no caso de familia monoparental a puntuación será de 2.

Para esta modalidade de bolsas de comedor, non serán de aplicación os criterios de valoración establecidos na base 12, agás a puntuación recollida nos puntos 2 e 3 da táboa incluída na base 12.A) desta convocatoria.

14. INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO E CONCESIÓN DAS BOLSAS.

As bolsas obxecto desta convocatoria tramítaranse en réxime de concorrencia competitiva, comparando as solicitudes presentadas e establecendo unha prelación entre elas, consonte os criterios de valoración establecidos nestas bases. A

súa concesión corresponderá a unha comisión avaliadora, nomeada para tal efecto pola concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego, entre o persoal dos diferentes servizos da Área de Benestar Social, e da que formará parte como secretario, o vicesecretario municipal ou funcionario/a no que delegue. O/a secretario/a redactará a correspondente acta de cada sesión da comisión.

O Departamento de Benestar Social será o órgano competente para a instrución do procedemento, que deberá verificar o cumprimento das condicións impostas nestas bases para adquirir a condición de beneficiaria, poderá pedir cantos informes estime necesarios para resolver, e fará constar que da información que obra no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás bolsas.

Rematada a instrución do procedemento, o expediente remitiráselle á antedita comisión de avaliación, quen avaliará as solicitudes, poñendo de manifesto os criterios utilizados, consonte os contidos nestas bases, e emitirá o seu informe, no que se concretará o resultado da avaliación.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da antedita comisión, formulará a proposta de resolución provisional, que incluírá: a relación de todas as persoas solicitantes, os/as alumnos/as para os que se solicitan as bolsas, o centro ao que pertencen, o número de puntos acadados, o número de bolsas concedidas, no seu caso, e importe destas, coa indicación do seu estado de: concesión, denegación ou lista de agarda.

No caso de denegación, farase constar algún dos seguintes motivos:

1. Solicitud presentada fóra de prazo.
2. Non aporta a documentación requirida.
3. Non están empadroados.
4. Non consta a convivencia co/a menor ou menores.
5. Matriculado/a nun centro privado sen concerto.
6. Ingresos superiores ao máximo establecido.
7. O/a alumno/a non está matriculado.
8. O centro non conta con servizo de comedor.

Dita resolución provisional publicarase no taboleiro de edictos da Concellaría de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego e na páxina web do Concello (www.santiagodecompostela.org), para os efectos de reclamacións, concedéndose un prazo de 10 días, a contar desde a data da publicación, para que as persoas interesadas poidan presentar as alegacións ou os documentos que estimen convenientes.

Examinadas as alegacións polo órgano instrutor, someteranse os expedientes á comisión avaliadora para que emita o seu informe, e de conformidade con este, formulará a proposta de resolución definitiva que se elevará á aprobación da Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local ditará resolución motivada segundo o disposto nestas bases e consonte a proposta de resolución. O seu acordo porá fin á vía administrativa e publicarase, no taboleiro de anuncios da Concellaría de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego e na páxina web do Concello.

Dita publicación substituírá á notificación individual, nos termos que establecen os artigos 59.6 e 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo do disposto no artigo 61, relativo á indicación de notificacións e publicacións.

Exclusión dos listados: cando a nai, titora ou representante legal teñan a condición de vítima de violencia de xénero, e consideren que non se recolla na publicación das listaxes o centro escolar ao que pertence o alumnado beneficiario, deberán de solicitalo expresamente na solicitude.

Esta situación acreditarase mediante a orde de protección ou calquera outro dos medios previstos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

15. INCIDENCIAS PRODUCIDAS DESPOIS DA RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

Calquera incidencia sobrevida que se produza despois da resolución desta convocatoria (cambio de centro escolar, renuncia...) resolverase pola Xunta de Goberno Local, previa presentación da solicitude e a documentación que acredite dita incidencia no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos rexistros auxiliares previstos na base 9.

A resolución das ditas incidencias terá efecto a partir do primeiro día do mes seguinte á presentación da solicitude, sempre que esta se produza nos primeiros quince días de cada mes.

O traslado de centro escolar ao longo do curso dentro do municipio non supón para o alumnado beneficiario a perda da bolsa, sempre e cando, no novo centro exista dispoñibilidade de praza.

16. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

As bolsas de comedor concedidas a través desta convocatoria serán compatibles con outras axudas ou subvencións, para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que o importe total de todas elas non supere o custo total do servizo de comedor escolar correspondente.

17. PAGAMENTO DAS BOLSAS E XUSTIFICACIÓN.

O Concello de Santiago aboará mensualmente as contías das bolsas concedidas ás entidades colaboradoras, previa autorización da nai/pai/titor/a ou persoa acoledora, no momento de formalizar a súa solicitude, debendo as familias beneficiarias aboar mensualmente a diferenza sobre o custo de comedor que lles corresponda, da forma que aquelas sinalen.

A contía das bolsas de comedor pagarase a mes vencido á conta bancaria da entidade colaboradora (centro escolar, Anpa ou empresa adxudicataria do servizo de comedor).

Unha vez finalizado o curso, a entidade colaboradora certificará a utilización do servizo de comedor durante todo ou parte do curso escolar, polo alumnado beneficiario, así como a aplicación dos fondos recibidos ao pago dos servizos de comedor e deberá presentalo antes do 1 de xullo de 2013 no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos rexistros auxiliares previstos na base 9.

18. REVOGACIÓN E RÉXIME SANCIONADOR.

1. Procede a revogación das bolsas de comedor concedidas nos seguintes supostos:

- Non destinar a bolsa á finalidade para a que foi concedida.
- Incumprimento por parte do/a beneficiario/a da bolsa de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que motivaron o seu outorgamento.
- A ocultación de información se esta motivou a concesión da bolsa de comedor.
- A falla de asistencia inxustificada continuada e/ou intermitente ao centro escolar e ao comedor durante 15 días naturais.
- O incumprimento polo alumnado das normas establecidas, para o servizo de comedor, polo centro educativo ao que pertenza.

Estas circunstancias darán lugar á revogación total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora, sen menoscabo das sanción que, de ser o caso, resulten esixibles.

2. Todas as demais causas de reintegro que contén o título II, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexeráse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas na Lei 30/1992, sen prexuízo das especialidades que establece a normativa vixente en materia de subvencións públicas.

19. RÉXIME DE RECURSOS.

Contra as presentes bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas, os interesados poderán interpoñer os recursos previstos no título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou calquera outro adecuado a dereito.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2012.

O alcalde-presidente

Ángel Benito Currás Fernández

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (pai, nai, titor/a ou persoa acoledora)

1.º APELIDO	2.º APELIDO	NOME
DNI/NIE	ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	

ALUMNOS/AS PARA OS/AS QUE SE SOLICITA A BOLSA

1.º APELIDO	2.º APELIDO	NOME
RELACIÓN CO/COA SOLICITANTE		CENTRO ESCOLAR
1.º APELIDO	2.º APELIDO	NOME
RELACIÓN CO/COA SOLICITANTE		CENTRO ESCOLAR
1.º APELIDO 2.º APELIDO NOME		
RELACIÓN CO/COA SOLICITANTE		CENTRO ESCOLAR
1.º APELIDO	2.º APELIDO	NOME
RELACIÓN CO/COA SOLICITANTE		CENTRO ESCOLAR

A/o solicitante DECLARA

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan, detallados na folia núm. 2, son certos, que non se omite ningún dato, que coñece as posibles responsabilidades existentes nos supostos de ocultación, falseamento ou por calquera outra actuación fraudulenta.

2. Que autoriza ao Concello de Santiago para ingresar a contía da bolsa, no caso de resultar beneficiaria, á conta bancaria da entidade colaboradora que proceda, segundo o caso.

3. Que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e sociais.

4. Que reúne os requisitos esixidos e acepta todos os termos incluídos nesta convocatoria, polo que SOLICITA a/as bolsa/as que se regulan naquela.

Sinatura da persoa solicitante:

Santiago de Compostela, ... de ... de 2012

Folla 1

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- * Fotocopia completa e compulsada do Libro de Familia
- * Fotocopia do Libro de Familia Numerosa, se é o caso.
- * Fotocopia compulsada do DNI/NIE, pasaporte, tarxeta ou permiso de residencia da persoa solicitante
- * Fotocopia compulsada do DNI/NIE, pasaporte, tarxeta ou permiso de residencia das persoas maiores de 16 anos que conforman a unidade familiar
- * Xustificante matrícula centro escolar
- * Xustificante reserva praza comedor escolar
- * Certificación do grao de discapacidade.
- * Certificación médica, no seu caso, acreditativa do embarazo, para os casos de fillos e fillas nasciturus (que han de nacer).
- * Convenio regulador e sentenza xudicial ou certificación acreditativa de ter a patria potestade en exclusiva.
- * Informe de vida laboral
- * Certificado, no seu caso, centro escolar maiores 16 anos.
- * Certificado, no seu caso, incompatibilidade horaria.
- * Xustificantes de ingresos de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos.
- * Certificación/s acreditativa/as da actividade laboral, para os casos de solicitar bolsas para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- * Outra documentación: _____

COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR

Nome e apelidos	NIF/NIE	Estado civil	Data nacemento	Parentesco c/ solicitante	Situación laboral	Ingresos mensuais	Sinatura
				SOLICITANTE			
						TOTAL	

As persoas asinantes na táboa anterior:

AUTORIZAN ao Concello de Santiago a consultar da Axencia Estatal da Administración Tributaria, a información de natureza tributaria que sexa necesaria para adecuada estimación dos ingresos ou recursos económicos da unidade familiar, para os efectos para o recoñecemento, seguimento e control da CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA O COMEDOR ESCOLAR 2012/2013. Dita autorización se estende a todo o período de percepción para o caso de resultar beneficiaria da axuda.

DECLARAN que se encontran ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e sociais.

AUTORIZAN á recollida e tratamento de datos de carácter persoal, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude.

Folla 2

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

2012/7547